

Curso

2020/21

Departamento
de Latín e Grego

IES DE BRIÓN

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LATÍN I

0

1

INDEX

I.Introdución.....	pax 2
II. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.	pax 3-10
III .Concreción de obxectivos da área Latín I.....	pax 10-11
IV Relación de estándares de aprendizaxe.....	pax 11-35 a) <u>temporalización b) grao mínimo avaliable c) procedementos e</u> instrumentos de avaliación.
V. Concrecións metodolóxicas	pax 35-37
VI. Materiais e recursos didácticos.....	pax 37-38
VII. Avaliación	pax 38-39
VIII. Indicadores para avaliar a práctica docente	pax 39-41
IX. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente	pax 41
X. Deseño avaliación inicial	pax 42
XI. XI. Atención a diversidade	pax 42
XII. Temas transversaispax 42-46
XIII. Actividades extraescolares.	pax 46
XIV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.	pax 46-48

I.Introdución

Ademais dos contidos morfolóxicos e sintácticos a materia de latín proporciona ao alumnado unha serie de elementos que lle permiten coñecer o contexto histórico no que se desenvolveron a sociedade e a cultura romanas, en aparencia tan diferentes da sociedade e da cultura da nosa propia época, pero que tantas semellanzas pode sacar á luz nun exame máis detido.

Conxuntamente co grego, a outra gran lingua do mundo clásico, o latín constitúe un apoio inestimable para a aprendizaxe das modernas linguas romances e ofrece ao alumnado que dá os seus primeiros pasos no campo das humanidades, das ciencias sociais ou da lingüística, un acceso directo ás bases da nosa cultura occidental.

Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de rigor no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste senso, parece recomendable seguir un método natural no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o desenvolvemento formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece o proceso de aprender a aprender.

En canto á familiarización coas etimoloxías grecolatinas, cos mecanismos de formación de palabras e cos fenómenos de evolución fonética, estes axudan dun xeito eficaz tanto á comprensión e ampliación do vocabulario, como a unha expresión máis axeitada e precisa na propia lingua.

A materia contribúe, ademais –como efecto que podería considerarse secundario pero tal vez máis duradeiro–, a espertar o interese polo coñecemento e conservación do patrimonio arqueolóxico e artístico de orixe

romana, ben sexa no conxunto de Europa, na península Ibérica ou particularmente en Galicia.

II. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

Comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia dixital.

Aprender a aprender

Competencias sociais e cívicas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Conciencia e expresións culturais.

É evidente que a materia de Latín contribuirá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha. Referiremos pois esta contribución e máis adiante a súa relación cos obxectivos da materia.

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento desta, a materia de Latín contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos e alumnas que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde

unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes.

A nosa materia facilita:

- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilidade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nestas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Melloría na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritas.
- Melloría na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da materia de Latín a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación do alumnado,

como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situación.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de padróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios.
- Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

Competencia dixital

Na materia de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente

á aprendizaxe desta, posto que o emprego das tecnoloxías dixitais se converte nun instrumento imprescindible no proceso de ensinanza-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

-Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.

-Fomento do traballo colaborador.

-Busca de información mediante motores de busca.

-Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.

-Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.

-Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).

-Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).

-Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando o alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe:

-Motivación por aprender.

-Organización e xestión da propia aprendizaxe.

- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supón unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.

- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Debemos ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumnado para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Latín mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de xeito especial ao desenvolvemento desta competencia:

-Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea

III. Concreción de obxectivos da área Latín I.

. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LATÍN I

A presenza do Latín no Bacharelato cobra sentido na súa contribución para o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental. Xunto co Grego, cuxa cultura Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o Latín constitúe un apoio insubstituíble á aprendizaxe das linguas romances.

A materia de Latín ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento da lingua e a cultura latina, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental.

III. CONCRECCIÓN DE OBXECTIVOS PARA A MATERIA DE LATÍN I

1. Identificar os principais aspectos e realizacións culturais de Roma, con especial atención á literatura e recoñecer os elementos desa herdanza latina que permanecen no

mundo e na cultura actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.

2. Valorar as achegas do legado cultural de Roma, especialmente da literatura, como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence.
3. Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.
4. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, con aplicación das novas tecnoloxías, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
5. Identificar os principais cambios na evolución do léxico latino ás linguas romances de España, contribuíndo así a un mellor coñecemento e aprecio desas linguas por parte dos alumnos e as alumnas.
6. Identificar a orixe latina do acervo léxico das linguas romances faladas polo alumnado, así como os principais procedementos de composición e derivación do latín e a súa permanencia nas linguas romances.
7. Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.
8. Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina, aplicándoos correctamente na interpretación e tradución de textos orixinais latinos.

9. Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características esenciais e evolución, e analizando a estrutura lingüística, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o mundo actual.

IV. Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfis competenciais

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis relacionados cós obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave, son os seguintes:

iCC = Competencias clave: **CCL:** Competencia en comunicación lingüística. **CMCCT:** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. **CD.** Competencia dixital. **CAA:** Competencia aprender

a aprender. **CSC:** Competencias sociais e cívicas. **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CCEC:** Conciencia e expresións culturais.

1º de bacharelato

	Latín I. 1º de bacharelato	
--	----------------------------	--

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances			
Imp	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CSC
g	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA
n	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas. Clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CCEC
np	B1.3. As linguas de España: romances e non romances	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.	LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas que se falan no mundo que son romances e identifica as súas características.	CSC CCEC

d g p h	B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos.	B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos	LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas da lingua latina ao tempo que recoñece, e distingue a partir do étimo cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Explica a evolución nun senso e noutro.	CCL CAA CMCCT
			LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado en ambos.	CCL
			LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, internet, as redes sociais.	CMCCT CD CCEC
d p n	B1.5. Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán	B1.6. Coñecer e aplicar regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.	LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando regras fonéticas de evolución, recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	CCL CAA
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos				
g	B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura	LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.	CD CCEC
g	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.	LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	CAA CMCCT

g	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e reconece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	CSC CCL CCEC
e	B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.	LAT1B2.4.1. Le , pronuncia e acentúa con corrección textos latinos	CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
d	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	LA1B3.1.1.Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL
g	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	LA1B3.2.1.Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios par clasificalas.	CAA CCL

il	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3.Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LA1B3.3.1. Declina e conxuga correctamente explicando a categoría e encadrando na declinación e conxugación.	CAA CCL CD
gd	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos, pronomes.	B3.4 Distingue as declinacións	LA1B3.4.1.Enuncia e declina substantivos adxectivos distingúndoos a partir da súa declinación	CCL
			LA1B3.4.2.Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra ou paradigma de flexión correspondente.	CCL
dg	B3.5. Flexión verbal.	B3.5 Coñecer as conxugacións e encadrar os verbos na súa conxugación a partir do seu enunciado.	LA1B3.5.1.Clasifica verbos según a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	CAA CCL

			LA1B3. Identifica as conxugacións a partir do seu enunciado.	CCL
			LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente paradigmas correspondentes.	CCL
l d	B3.6.. Flexión verbal.	B3.6. Analizar como funcionan os temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	LA1B3.6.1Explic o uso dos temas verbais latinos.	CAA CCL
			LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas Verbais. Identifica os seus formantes..	CD CCL
g	B3.5. Flexión verbal.	B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha..	LA1B3.7.1Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificarlas, define os criterios para clasificalas.	CAA CCL
e d p	B3.5. Flexión verbal.	B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	LA1B3.8.1.Traduce correctamente ao galego e tamén ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	CCL CAA
Bloque 4.				

Sintaxe				
i	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e tamén sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando con correccións categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	CMCCT CCL
e	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	CAA CCL
g	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en latín frases pequenas e practica o seu uso.	CCL
d	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	CMCCT CCL
g	B4.5. A oración composta: coordinadas e subordinadas	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas, distinguir as compostas das subordinadas	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada	CAA CCL

			Caso e as súas características.	
e	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.	CAA CCL
e	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	B4.7. Identificar, distinguir, traducir a construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.	LA1B4.7.1. Recoñece, Analiza e traduce Correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con as construcións análogas noutras linguas que coñece.	CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización				
a i l g p	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente	LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións	CCEC CCL CSC
			LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unas a outras	CSC CSIEE CCEC

			LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados fitos históricos e relacionaos con circunstancias actuais	CAA CSC
			LA1B5.1.4. Pode Elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan os fitos históricos máis salientables e elabora eixes cronolóxicos	CD CMCCT
			LA1B5.1.5. Describe os fitos históricos máis destacables da civilización romana	CSC CSIEE CCL
h a p	B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.	LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.	CMCCT CCL CSC CCEE
			LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.	CSC CD CCL
n p	B5.3. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.3. Identifica as pegadas da civilización romana	LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da Romanización de Hispania e a Gallaecia. Recoñece os restos arqueolóxicos existentes nos museos.	CAA CMCCT CD CCEC CD

a c	B5.4.. Organización política e social de Roma.	B5.4.Coñecer como era a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC
			LA1B5.4.2. Describe a organización e tamén a evolución da sociedade romana explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, e establecendo tamén a relación destes aspectos cos valores cívicos existentes na época e facendo a comparación cos actuais.	CSIEE CD CSC CCL
n	B5.5. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.5.Divinidades, semideuse, heroes grecolatinos máis salientables.	LA1B5.5.1 Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía . Establece a relación entre as divinidades.	CCEC CD
			LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos diferenciados dos outros.	CCEC CD CCL

n h p	B5.6. Mitoloxía e relixión. Ritos funerios	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanza e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LA1B5.6.1 Recoñece o mantemento do mítico na nosa cultura e influencia da tradición clásica neste fenómeno,. Sinala as principais diferenzas entre estes tratamentos.	CCEC CCL CSC CSIEE
			LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posteriora través de exemplos.	CAA CCEC CCL
n	B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.7. Coñecer e tamén comparar características da relixiosidade e da relixión latinas coas actuais. Os cultos privados e os ritos funerarios.	LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios e describe principais características dos ritos da morte romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	CSC CMCCT CCL CCEC

n	B5.5. Arte romana.	B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	LA1B5.8.1. Describe as manifestacións pictóricas e tamén escultóricas máis salientables da arte romana. Establece unha cronoloxía.	CCEC CD
id p	B5.6. Obras públicas	B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	LA1B5.9.1. Describe as características e principais elementos e a función das obras públicas romanas explicando con exemplos a importancia para o desenvolvemento do Imperio	CD CSC CMCCTC
			LA1B5.9.2 Localiza nun mapa principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	CMCCT CD CAA
a	B5.7. O exército.	B5.10. Describir a estrutura e como era o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.	LA1B5.10.1. Enumera os elementos que componen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	CSC CMCCT
Bloque 6. Textos				
e	B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e retroversión de textos de dificultade progresiva.	LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para establecer correctamente a súa	CCL CAA

			tradución ou retroversión.	
d p	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2.Comparar estruturas latinas coas da lingua propia.	LA1B6.2.1.Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global.	CAA CCL
d i	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3.Utilizar manuais e dicionarios correctamente recoñecendo e analizando toda a información que ofrecen.	LA1B6.3.1. Sabe usar o dicionario, analizando e valorando a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	CAA CCL
d e	B6.4.Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais e adaptados.	B6.4. Realizar a través da lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos que poden ser orixinais, adaptados ou traducidos.	LA1B6.4.1.Realizacomentarios sobre principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CSC CCEC CAA

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

- a) temporalización b) grao mínimo avaliable c) procedementos e instrumentos de avaliación

BLOQUE 1 O latín, orixe das linguas romances											
C. CLAVE 1	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN									
		GRAO MINIMO CONSE- CUCIÓN %	PESO CUALIFI- CATIVO %	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS					TEMPORALIZA CIÓN POR AVALIACIÓN		
				PRO BA ESC RIT A	TRABA LLO INDIVI DUAL	TRAB ALLO EN GRUP O	TAREF AS AULA VIRTU AL	OBSEV ACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º
CMCC T CCEC	LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia	75%		x	x		x	x	x		
CD CAA	LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	50%		x	x		x	x	x		
CSC CCEC	LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	75%		x	x		x	x	x		
CSC CCE C	LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.	75%		x	x		x	x	x		
CCL CAA CMCC T	LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	50%		x	x		x	x	x		

CSC CCL CCEC	LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	50%			X	x			x		X	X		
CCL	LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.	75%			X	x			x		X	X		
			CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN											
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	GRAO MINIMO CONSECUCCIÓN %	PESO CUALIFICATIVO %	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS						TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN				
				PROBA ESCRITA	TRABA LLO INDIVIDUAL	TRABALLO EN GRUPO	Tarefas aula virtuales	OBSEVACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º			
CMCCT CCL	LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma	75%		X	x			X	X	X	X	X		
CAA CCL	LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas	75%		x	x			x	x	X	X	X		
CAA	LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría,			x	x			x	x	x	x	x		
CCL	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.	100%		X	x			X	X	X	X	X		
CCL	LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	100%		X	x			X	X	X	X	X		
CAA CCL	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conjugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	75%		X	x			X	X	X	X	X		
CCL	LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	75%		X	x			X	X	X	X	X		
CCL	LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	100%		X	x			X	X	X	X	X		
CAA CCL	LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	100%		X	x			X	X	X	X	X		
CD CCL	LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	100%		X	x	X		X	X	X	X	X		

CAA CCL	LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	75%		X	X		X	X	X	X	X
CCL CAA	LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	100%		X	X		X	X	X	X	X

BLOQUE 4 . Sintaxe											
		CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN									
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	GRAO MINIMO CONSECUCCIÓN %	PESO CUALIFICATIVO %	INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN		
				PROBA ESCRITA	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO EN GRUPO	TAREFAS AULA VIRTUAL	OBSERVACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º
				CAA CCL	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma	100%		X	X		X
CCL	LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas	75%		X	X		X	X		X	X
CMCC	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións										
CAA CCL	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	75%		X	X		X	X		X	X
CAA CCL	LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.	50%		X	X		X	X			X
CCL	LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	50%		X	X		X	X			X

BLOQUE 5 Roma: historia, cultura, arte e civilización											
		CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN									
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	GRAO MINIMO CONSECUCCIÓN %	PESO CUALIFICATIVO %	INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN		
				PROBA ESCRITA	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO EN GRUPO	TAREFAS AULA VIRTUAL	OBSERVACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º

	LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que											
CCEC	Xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos históricos	50%										
CSC CSIEE CCEC	LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	50%		x	x		x	x	x			
CD	LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos											
CSC CSIEE CCL	LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.	25%		x	x		x	x				x
CMCCT CCL CSC CCEE	LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.	75%		x	x		x	x				x
CSC CD CCL	LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.	50%		x	x		x	x				x
CAA CMCCT CD CCEC CD	LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	50%		x	x		x	x				x
CSIEE CD CSC CCL	LA1B5.4.1. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.	50%		x	x		x	x				x
CCEC CD	LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	50%		x	x		x	x	x	x		
CCEC CD CCL	LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	50%		x	x		x	x	x	x		

CCEC CCL CSC CSIEE	LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	50%		X	X		X	X	X			
CSC CMCCT CCL CCEC	LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	25%		X	X		X	X	X	X		
CCEC CD	LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada	25%		X	X		X	X				X
CD CSC CMCCT C	LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores	25%		X	X		X	X		Z		X
CMCCT CD CAA	LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	75%		X	X		X	X				X
CSC CMCCT	LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	25%		X	X		X	X				X

BLOQUE 6. Textos												
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN										
		GRAO MINIMO CONSECUCCIÓN %	PESO CUALIFICATIVO %	INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN			
				PROBA ESCRITA	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO EN GRUPO	TAREAS/AULLAS VIRTUALES	OBSEVACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º	
CCL CAA	LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	100%	2,5%	X	X		X	X	X	X	X	

CAA CCL	LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	75%		X	X		X	X	X	X	X
CAA CCL	LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto	75%		X	X		X	X			X
CSC CCEC CAA	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	50%		X	X		X	X	X	X	X
CMCC T CCL	LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	25%		X	X		X	X	X	X	X
CCL	LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	75%		X	X		X	X			X
CCL	LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	50%		X	X		X	X			X

BLOQUE 7 Léxico											
C. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN									
		GRAO MINIMO CONSECUCIÓN %	PESO CUALIFICATIVO %	INSTRUMENTOS					TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN		
				PROBASC RIT A	TRABA LLO INDIVI DUAL	TRAB ALLO EN GRUPO	TARE FAS AULA VIRT UAL	OBSEV ACIÓN NA CLASE	1º	2º	3º
CAA CCL	LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	100%			X	X	X	X	X	X	X
CD CCL	LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	75%		X	X		X	X	X	X	X
CMCC T CCL	LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	75%		X	X		X	X	X	X	X
CAA CCL	LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	75%		X	X		X	X	X	X	X
CCL	LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	50%		X	X		X	X	X	X	X

CAA CD CCL	LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	50%	X	X		X	X	x	x	x
CCL CCL	LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	75%	X	X		X	X	x	x	x

Temporalización: Setembro:

U.D.1-Marco xeográfico da lingua. Historia da lingua latina: O latín, lingua indoeuropea. Evolución do latín. As linguas románicas. Introducción á fonética e á prosodia latinas: O sistema fonolóxico do latín. O alfabeto latino. A pronunciación latina. Introducción á morfosintaxe latina: A sintaxe latina. A morfoloxía latina. O sistema nominal. O sistema verbal.

Períodos da historia de Roma

U.D.2- A primeira declinación. As conxugacións latinas. A oración simple: A primeira declinación, tema en –a. sistema verbal (presente de indicativo) .A oración simple: transitivas e intransitivas. Concordancia entre o suxeito e o verbo.

Temporalización: Outubro:

U.D.3. A segunda declinación. O pretérito imperfecto de indicativo. As funcións do

acusativo: A segunda declinación, tema en -o. O xénero neutro. O pretérito imperfecto de indicativo. As funcións do acusativo. As preposicións de acusativo máis frecuentes. O adxectivo. O verbo sum. A oración copulativa: Os adxectivos da primeira clase. O verbo sum: presente e pretérito imperfecto de indicativo. A oración copulativa. A concordancia entre o suxeito e o atributo. Os complementos do nome: por un adxectivo e por un substantivo

U.D.4. A terceira declinación. O tema de perfecto. As funcións do dativo e do ablativo: A terceira declinación. Os temas en consoante oclusiva, líquida, nasal e fricativa. O tema de perfecto en modo indicativo: o pretérito perfecto, o pluscuamperfecto e o futuro perfecto. O dativo complemento indirecto, o dativo posesivo. O ablativo de separación, instrumental e locativo. Preposicións de ablativo

Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.

Temporalización: Outubro /Novembro:

U.D. 5. A terceira declinación. O futuro imperfecto. Os complementos de lugar: Temas en -i. Adxectivos da terceira declinación de tema enconsoante e de tema en -i. Adverbios de modo derivados destes adxectivos. El futuro imperfecto de indicativo. Complementos circunstanciais de lugar e tempo.

Temporalización: Novembro/ Decembro

U.D.6. A cuarta e a quinta declinacións. O presente de imperativo. O complemento predicativo Os graos do adxectivo. : A cuarta declinación, temas en -u. A quinta declinación, temas en -e. O presente de imperativo. O complemento predicativo. O vocativo. A exclamación. Morfosintaxe do comparativo e o

superlativo. Os comparativos e superlativos de bonus, malus, magnus, parvus Os pronomes persoais. O subxuntivo. As oracións compostas: Os pronomes persoais. A evolución dos pronomes persoais ó castelán. O presente de subxuntivo. O pretérito imperfecto de subxuntivo. A oración composta. As oracións coordinadas

Organización política e social de Roma.

Temporalización Xaneiro

U.D.7. Os pronomes persoais. O subxuntivo. As oracións compostas: Os pronomes persoais. A evolución dos pronomes persoais ó castelán. O presente de subxuntivo. O pretérito imperfecto de subxuntivo. A oración composta. As oracións coordinadas

Temporalización: Febreiro

U.D.8. Os demostrativos. A voz pasiva. Os pronomes-adxectivos demostrativos. A voz pasiva no tema de presente e de perfecto. Sintaxe da oración pasiva: suxeito paciente e ablativo axente. O exército .

U.D.9. Os pronomes relativos e interrogativos. O subxuntivo. As oracións subordinadas adxectivas: O pronome relativo. O pronome-adxectivo interrogativo-indefinido. El pretérito perfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo. Clasificación das oracións subordinadas. As oracións adxectivas ou de relativo.

Temporalización: Marzo:

U.D.10. Os numerais. Os verbos depoñentes. As subordinadas adverbiais .O demostrativo anafórico, os demostrativos enfáticos.: Oracións subordinadas adverbiais: causais, temporais.

Arte romana.

Temporalización: Marzo/ Abril:

U.D.11. O participio latino: Morfosintaxe do participio latino: participio concertado e participio absoluto.

Romanización de Hispania e da Gallaecia

Temporalización: Abril/Maio:

U.D.12. O infinitivo latino: Morfoloxía e sintaxe do infinitivo: oracións de infinitivo concertado e non concertado.

Temporalización: xuño

Repaso xeral dos aspectos máis fundamentais

V . Concrecións metodolóxicas

En 1º Bacharelato a materia impártese sen requirir ao alumnado coñecementos previos pois aínda que o Latín forma parte do curriculum da ESO , é unha materia que únicamente ten presenza no itinerario de humanidades en 4º ESO sendo común todos os anos que haxa alumnado en 1º de Bacharelato que non cursou con anterioridade a materia. Así pois, o feito de que o curso 2019-20 non se pudieran impartir todos os contidos e houbera que centrarse só nos esenciais , non require na materia de latín de 1ºBacharelato ningún tipo de adaptación.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe. Como punto de partida, atenderase ao nivel real de coñecementos que presente o alumnado, coa intención de abordar as necesidades concretas de cada individuo e atender a diversidade real presente na aula.

Aplicarase unha metodoloxía activa, que esixirá a constante participación do alumnado en clase coa fin de acadar os diferentes obxectivos propostos.

Baixo a guía da profesora, intentarase que o alumnado aprenda a consultar fontes de calidade contrastada e a procurarse os datos necesarios para a realización dos seus traballos, de xeito que poida, nun futuro próximo, realízalos de forma independente.

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC

Estratexias concretas:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos. Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas

- Simulación
- Lectura e comprensión de textos
- Resposta a preguntas

Ao longo do curso os contidos e as tarefas estarán a disposición do alumnado na aula virtual . Nas clases presenciais a profesora introducirá o tema a tratar , orientará ao alumnado na busca de información e resolverá as dúbidas. A utilización da aula virtual permite desenvolver a autonomía do alumnado no proceso de aprendizaxe e ademáis garante que se a presencialidade non é posible, a materia seguirá impartíndose sen interrupción. Nese caso as orientacións da profesora así como a resolución das dúbidas faranse a través do recursos que a aula virtual ofece e tamén a través de videochamadas.

Avaliación:

- Tarefas propostas na aula virtual.
- Exposicións orais na aula / videochamada/ videos feitos polo alumando
- Probas escritas na aula / probas escritas feitas on line

VI. Materiais e recursos didácticos

Empregaranse en ausencia de libro de texto materiais e recursos diversos que se atoparán na aula virtual:

- Páxinas web
- Enciclopedias virtuais, programas de presentación

- Powerpoint ou similares para os traballos do alumnado
- Material audiovisual (documentais e películas de tema clásico)
- Dicionarios etimolóxicos e mitolóxicos.
- Mapas históricos e planos

Se a presencialidade é posible, o alumnado contará tamén cos recursos da biblioteca do Centro onde atopará entre outras cousas obras de autores latinos e gregos así como novelas ambientada en Roma.

VII. AVALIACIÓN:

A) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Probas escritas na aula ou online no caso de que a presencialidade non sexa posible.
- Exposicións orais na aula / videochamadas/ videos feitos polo alumnado
- Tarefas propostas na aua virtual.
- Traballos individuais

.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Haberá dúas probas escritas por avaliación. A nota media obtida destas suporá 6 ptos da nota final da avaliación. No caso de ensino non presencial as probas faranse online.

Os contidos que estarán na aula virtual, irán sempre acompañados de diversas tarefas. Estas suporán 4 ptos da nota da avaliación.

A nota de Xuño será a media obtida da nota dos tres trimestres do curso.

Tratándose da aprendizaxe dunha lingua , non haberá recuperacións das probas escritas pois aprobalas supón aprobar tamén as da avaliación anterior no caso de telas suspensas.

Para aprobar a materia de Latín I os contidos mínimos que se establecen son os seguintes:

- Identificar ,en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular (nominal e verbal) e da sintaxe da frase e apreciar variantes e coincidencias coas linguas que coñece.
- Traducir ás linguas galega ou castelá ,coa maior fidelidade posible ,parcial ou totalmente, textos breves e de dificultade mínima escritos en latín.
- Recoñecer no léxico das linguas romances faladas polo alumnado a orixe latina e a súa evolución fonética ,morfolóxica e semántica e deducir regras básicas de derivación e composición.

Aqueles/as alumnos/as que non logren superar a materia en xuño, poden presentarse á proba extraordinaria de setembro. Esta será unha proba escrita na que se recollerán os contidos mínimos establecidos para a materia de Latín I.

VIII. Indicadores para avaliar a práctica docente

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado?				
3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				

4. Contouse coa implicación das familias no traballo do alumnado?				
5. Mantívose contacto periódico coas familias por parte do profesorado ?				
6. Adoptáronse medidas curriculares e organizativas para atender aos alumnos con NEAE ?				
7. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumno?				
8. Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
9. Deuse valor real á observación do traballo na aula?				
10. Valorouse o traballo corporativo do alumnado dentro do grupo?				
<u>INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE</u>	ESCALA			
	1	2	3	4
11. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
12. Ofrécense a cada alumna/o as explicacións individualizadas que precisa?				
13. Elabóranse actividades atendendo á diversidade?				
14. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE?				
15. Utilízanse distintas estratéxicas metodolóxicas en función dos temas a tratar?				

16.	Combínase o traballo individual e en equipo?				
17.	Poténcianse estratexias de animación á lectura?				
18.	Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita?				
19.	Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
20.	Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar?				
21.	Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos ...?				
22.	Analízase e coméntase co alumnado os aspectos mais significativos derivados da corrección das probas, traballos...?				
23.	Dáselle ao alumnado de visualizar e comentar os resultados?				
24.	O nivel de dificultade foi acorde coas características do alumnado?				
25.	Contouse ca implicación das familias no traballo do alumnado?				

IX. Organización de actividades de recuperación e avaliación de materias pendentes.

Por ser a ESO final de etapa non existe ningún alumno/a en 1º Bacharelato quen teña o latín como materia pendente. Tampouco hai alumnado en 2º de Bacharelato que teña como materia pendente Latín I

X. Deseño avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

O alumnado matriculado na materia de Latín I presenta distintas situacións. Hai alumnado , dúas persoas, que se achegan ao latín por vez primeira. Así pois, a avaliación inicial terá que en conta esta circunstancia. Por iso, a proba inicial terá como obxectivo saber o nivel de coñecemento que o alumnado ten sobre a historia e a sociedade de Roma .

XI. Atención a diversidade

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo **como conxunto**, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos: identificar ós alumnos ou alumnas que necesitan un maior seguimento no seu proceso de aprendizaxe.

Unha vez detectadas as necesidades do alumnado , aplicaranse as seguintes medidas:

- Os exercicios de tradución serán de diferente dificultade para adaptarse ao distinto ritmo de aprendizaxe.
- Traballarase de xeito cooperativo para que o alumnado se apoie e axude na aprendizaxe.
- A profesora resolverá dúbidas e explicará de xeito individual ao alumnado que así o requira.
- Desenvolveremos estratexias e dinámicas para fomentar un ambiente tranquilo e agradable na aula .
- Farase fincapé nas cualidades positivas de cada persoa para dese xeito fortalecer a autoestima.
- Promoverase o uso das TIC para obter información e para desenvolver o espírito crítico.

XII Elementos transversais

1. Desenvolvemento do Plan Lector

Fomentaremos a lectura coa proposta de distintas obras por avaliación. Pretendemos que a lectura dea lugar a debater e profundizar en distintos aspectos da sociedade romana. Mais pretendemos que o alumnado disfrute e xurda a necesidade de ler máis.

Proposta de lectura

Primeira avaliación.

- Guárdate de los Idus de Lola González.
- El asombroso viaje de Pomponio Flato de Eduardo Mendoza
- Ana y la Sibila de Antonio Sánchez-Escalonilla-Así aman los dioses de Concha Romero
- Thermae Romae de Mari Yamazaki

Segunda avaliación : diversos cómics de Astérix

Terceira avaliación : intercambio das lecturas anteriores

2. Plan de integración das TIC .

Sen lugar a dúbidas a introdución das TIC é un factor determinante para a motivación do alumnado. As TIC facilitan a adaptación aos diferentes ritmos de aprendizaxe, posibilitan o traballo en grupo, melloran a capacidade de selección da información ou mesmamente fomenta a creatividade.

A non presencialidade provocada pola crise sanitaria no curso 2019/20 evidenciou a necesidade do uso das TIC no ensino. É necesario que todo

o alumnado dispoña de medios informáticos para evitar a desigualdade nas aulas e tamén é necesario que o alumnado e o profesorado nos formemos para poder servirnos dos recursos que ofrecen as novas tecnoloxías.

3- Educación para a saúde

As actitudes dos romanos /as fronte a cuestións como o aseo cotiá , os baños, o deporte ou curación a través de la medicina, mostrarán o alto valor que a sociedade romana concedía a estas temas e poderase entender que unha civilización tan distante no tempo marcou con claridade o camiño cara ao que hoxe en día consideramos hábitos de vida saudable.

4. Educación viaria:

A localización dos campamentos romanos e as características da súa construción servirán para que os alumnos analicen o seu propio ámbito e reflexionen sobre como están construídas as cidades.

O estudo do mundo da viaxe e os transportes poderá propiciar comentarios en torno á problemática do tráfico en Roma, as solucións para o tráfico rodado e o de peóns, así como unha toma de conciencia da relevancia do respecto e tolerancia no que á educación viaria se refire.

En Atenas e en Roma existían zonas dedicadas ao comercio. Eran, polo tanto, sociedades de consumo e o seu estudo e comparación servirán para que alumnos e alumnas desenvolvan actitudes non consumistas.

5. Educación ambiental (desenvolvemento sostible):

Co debate sobre o libro dixital e o libro tradicional formulado pode tratarse certos problemas ambientais relacionados co papel.

- Os alumnos e as alumnas reflexionarán sobre a íntima relación entre guerra

e enriquecemento

- A análise das cidades da Antigüidade e a súa comparación coas actuais facilitará que o alumnado sexa conscientes dos problemas ambientais, sociais e económicos da sociedade.

8. Educación para a igualdade :

- A actividade sobre o dereito ao voto da muller no bloque « As clases sociais » fará que o alumnado reflexione sobre a loita das mulleres polo recoñecemento dos seus dereitos.
- A lectura e comentario dos textos sobre o rapto das sabinas propiciará o debate sobre a situación da muller na Roma Antiga .
- O exército romano e a política imperialista de Roma permitirá debater sobre a guerra e a masculinidade.
- O feito de que a muller non participase nos convivios celebrados en Roma Permitirá debater sobre a visibilidade das mulleres e a súa presenza pública.
- Outro tema de reflexión ao que tamén nos conduce a comparación co mundo romano é a relación entre muller e deporte.

9. Educación para a paz e os dereitos humanos:

- Mediante o estudo das linguas faladas en Europa e, en particular, en España, a súa orixe e evolución, o alumnado apreciará e valorará a diversidade lingüística e cultural de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
- O estudo da existencia da escravitude na antiga Roma fará que o alumnado valore os avances producidos en relación coa sociedade grega.

- O estudo das causas e consecuencias dos enfrontamentos bélicos da historia de Roma axudará aos alumnos a desenvolver unha actitude crítica fronte ás guerras.
- O tema das clases sociais en Roma servirá para que o alumnado investigue sobre a Declaración Universal de Dereitos Humanos. Os alumnos e as alumnas debatirá de xeito crítico sobre o papel da ONU .

XIII. Actividades complementarias

Por mor da situación na que estamos provocada pola COVID19 o Departamento de Latín non fará este curso actividades complementarias e extraescolares.

XIV. Revisión da programación

ADECUACIÓN DIDÁCTICA	DA PROGRAMACIÓN	RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais Didácticos adecuada	Hai coherencia entre a Programación e o impartido nas clases	<hr/>	<hr/>
	Existe distribución temporal equilibrada.	<hr/>	<hr/>
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do	<hr/>	

	Grupo		
	A metodoloxía fomenta a motiva ao alumnado		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores		
Instrumentos e criterios para avaliar	Os criterios para una avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer.		
Utilización	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considérase a		

dunha metodoloxía	Interdisciplinaridade á hora de impartir os contidos e deseñar as actividades		
------------------------------	---	--	--

Brión , setembro 2020

A xefa de Departamento de Latín e Grego

Asdo: Esther García Gerbolés